



## **ORDENANZA FISCAL Nº 16. REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANS DO CONCELLO DE MONDARIZ.**

### **ARTIGO 1º. Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a TAXA POR RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANS, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, das que as normas atenden o previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

### **ARTIGO 2º. Feito Impoñible.**

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliar e residuos sólidos urbáns de vivendas, aloxamento e locais ou establecementos onde exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbáns os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de dito concepto os residuos de tipo industrial, escombros das obras, detritus humanos materiais, e materiais contaminados, corrosivos ou perigosos ou os que a recollida ou vertido esixa a adopción de medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

### **ARTIGO 3º. Suxeitos Pasivos.**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, as que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso precario.

2.- Terá consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, quenenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

### **ARTIGO 4º. Responsables.**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 421 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e ós síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos suposto e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

### **ARTIGO 5º. Beneficios fiscais.**

Soamente admitiranse nesta Taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas nos Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei, coa seguinte excepción:

Quedan exentas as persoas en situación económica de extrema necesidade, con fillo ou fillos a cargo; as que vivan soas con ingresos brutos inferiores a 6000 euros/ ano/ familia; as que perciban rendas básicas como a RISGA ou Renda Básica; as que se atopen desempregadas e sen prestación, previo informe individual favorable do departamento de servizos sociais que acredite a situación de necesidade determinante da exención.



#### **ARTIGO 6°. Cota Tributaria.**

As tarifas da presente taxa serán as seguintes:

Vivendas de carácter familiar	40,25 €
Bares, cafeterías, hoteis, fondas, residencias e semellantes	85,90 €
Locais comerciais tradicionais	85,90 €
Supermercados e asimilados	167,75 €

#### **ARTIGO 7°. Devengo.**

1.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais empregadas polos contribuíntes suxeitos á Taxa.

2.- Unha vez establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas cobraranse o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data na que se realice o feito impositivo.

#### **ARTIGO 8°. Declaración e liquidación.**

1.- A Taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no Padrón correspondente.

2.- Si se utiliza o servizo sen mediar solicitude darase de alta de oficio no Padrón, e liquidarase e notificarase a mesma ós interesados ser prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.- Unha vez que se produce a alta no correspondente Padrón de liquidación desta taxa acomodarase o procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc.)

#### **ARTIGO 9°. Ingreso.**

1.- As cotas desta Taxa liquidaranse e exisiranse no momento de presentar a correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente Padrón.

2.- Unha vez producida a alta, exacionarase o importe da mesma no prazo que sinala a tarifa da taxa, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos no artigo de R. X. De Recadación ou no que sinala a Alcaldía-Presidentencia.

3.- O ingreso efectuarase na Tesourería Municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente ou Comisión do Goberno.

#### **ARTIGO 10°. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS.**

##### **Primeira.- Declaración de alta.**

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de altas nos censos ou padróns da taxa e surtirán efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a



Merouces 16  
36870 Mondariz  
(Pontevedra)  
Tfno: 986 664 306  
Fax: 986 656 006  
[info@concello demondariz.com](mailto:info@concello demondariz.com)

declaración, podéndose prorratear, no seu caso, por meses.

#### **Segunda.- Declaración de baixa.**

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirán efecto no período natural seguinte o da presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, o día 1 de xaneiro de 2005, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.

<b>Aprobación</b>	Pleno de 29/09/89	Sup. BOP nº 299 de 27/12/89
<b>Modificación</b>	Pleno de 26/06/04	BOP nº 183 de 21/09/04
<b>Modificación art. 5</b>	Pleno de 17/07/13	BOP nº 203 de 22/10/13
<b>Última modificación das tarifas</b>	Pleno de 22/09/12	BOP nº 226 de 23/11/12